

M-EM-MAR

xan vieito

Casa das Artes

CONCELLO
DE VIGO



m-eu-ma7

xan vieito

Casa das Artes
Do 16 de abril ao 17 de maio



**CONCELLO
DE VIGO**



"M-EU-MAR" / XAN VIEITO

Casa das Artes. Concello de Vigo
Do 16 de abril ao 17 de maio de
2015

CONCELLO DE VIGO

Abel Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo

Cayetano Rodríguez Escudero
**Concelleiro-delegado da Área de
Cultura, Festas e Museos**

Jesús López Moure
**Xefe do Servizo de Xestión e
Promoción Cultural**

Ignacio Oliveira López
**Xefe do Servizo de Museos
Municipais**

CATÁLOGO

Edición

Servizo de Museos Municipais do
Concello de Vigo

Textos

Abel Caballero Álvarez
Ramón Rozas
Luis Cochón
Xan Vieito
Gonzalo Sellés Lenard

Fotografía orixinal

Xan Vieito

Tratamento fotográfico

Diego Failde Leiva
Táktika Comunicación

Traducións e revisión lingüística

-Ao castelán e o inglés-
Táktika Comunicación

Xestión produción do catálogo

Táktika Comunicación
Gonzalo Sellés Lenard

Deseño gráfico, maquetación e realización

Táktika Comunicación

Imprime

Agencia Gráfica

EXPOSICIÓN

Promoción e xestión

Concellería de Cultura, Festas
e Museos. Servizo de Museos
Municipais. Concello de Vigo

Deseño do proxecto

Xan Vieito
Gonzalo Sellés Lenard

Comisariado

Gonzalo Sellés Lenard

Montaxe da exposición

Cubic
Equipo da Casa das Artes

Produción e montaxe vinilos

Sixpress Color
Táktika Comunicación

Copias fotográficas en vinilo

Sixpress Color

Audiovisuais

Xan Vieito
Iñaki Gil Rosendo

Seguro

Axa Art

©Dos textos: os seus autores

©Das fotografías / audiovisuais / obras: o autor, Xan Vieito

©Da edición: Concello de Vigo

Dépósito Legal: VG 254-2015



Índice

-textos-

M-EU-MAR de Xan Vieito. Abel Caballero	7
Falando co m-eu-mar. Gonzalo Sellés Lenard	9
O-artista-e-o-mar. Xan Vieito	11
O falar do mar. Ramón Rozas	13
Matina que te matina. Luis Cochón	19

-obra- 21

m-eu-mar. Xan Vieito 37

Biografía 77

-textos castellano- 79

-english texts- 79

-textos-

M-EU-MAR de Xan Vieito

O mar, a ría de Vigo, é o berce desta cidade, dos vigueses e das viguesas, a fonte da nosa vida, a nosa razón de ser, orixe e futuro, que nos deixou e nos deixa a súa pegada de infinitas formas en infinitos lugares. Ostenta a gran cualidade de ser ao tempo o mar de todos e o de cada un, agasállanos coa súa homoxénea diversidade, renóvase continuamente para non cambiar, ofrécese de tantas maneiras como ollos o contemplan.

Ante as augas do mar de Vigo todos sentímonos artistas, pero poucos como Xan Vieito para expresalo. Estamos ante a percepción, interpretación e manifestación artística do mar de Vieito, das súas conversas coas mareas, dos diálogos entablados ao longo de toda unha vida a este e ao outro lado do océano; esta exposición é unha oportunidade única de asomarse ao balcón da ría cunha ollada singular.

E igual que a auga adopta numerosas formas, o artista sírvese para esta mostra de varias técnicas, formatos e soportes nos que plasmar un único e persoal concepto. O público que se achegue á planta baixa da Casa das Artes observará vinilos con imaxes fotografadas, pintura sobre cunchas e incluso instalacións de vídeo, unha proposta multidisciplinar co fío condutor do mar de todos.

Xan Vieito plantea neste traballo unha homenaxe ao mar; onde mellor que na cidade de Vigo para levalo adiante? Para o Concello de Vigo que encabezo é un enorme pracer poder colaborar e ser partícipes dunha mostra que aúna dous piares básicos nesta cidade: mar e cultura. Falamos de dous vectores imprescindibles para o exitoso porvir desta gran urbe global, dous eixos que encaixan á perfección nesta exposición que nos enorgullece ofrecer á cidadanía.

Abel Caballero
Alcalde de Vigo

Palando co m-eu-mar

O comisariado dunha nova exposición é case sempre un reto difícil ó que enfrontarse. Require, por unha banda, un coñecemento profundo da obra e da mensaxe que o artista quere transmitir, e por outra a construción dun escenario que a realce, transmitindo ó espectador as liñas mestras que contribuíron a forxala, así como a intencionalidade que o artista persigue coa posta en escena.

Poucas exposicións me teñen esixido tal nivel de concentración como *m-eu-mar* de Xan Vieito.

O primeiro contacto coa obra pareceume relativamente sinxelo, case infantil, pois a primeira vista semellaba tan só cunchas pintadas. Non entanto xa o título *m-eu-mar* me chamou a atención e foi como unha premonición do que ía vir detrás. “*¡Non podes organizar esta exposición si non entras en ela!*” foi o primeiro que me dixó. A partires de entón visitas a praia a horas intempestivas, sempre ó ritmo da marea, das luces, do día e dos ventos. Pouco a pouco, da man do artista, vánseche metendo no sangue cada un dos elementos que deron lugar á obra. “*¿Viches alguén que fora quen de debuxar árbores tan*

fermosos na area? ¿Viches que xogos de labirintos tan ben estruturados? Olla para esta vella cuncha i escoita o que che di, observa o traballo que o mar fixo con ela”-dime Xan Vieito de forma case obsesiva mentres camiñamos ao carón do seu mar- “*¡Aprende a escoitar ó mar nos tempos curtos e trata de falar con él, so así poderás entender a obra!*”.

De volta ao estudio xa nada e igual, a obra mudou. De súpeto as vellas cunchas -como as da praia- pero traballadas pola man do artista, cobran vida. Cada unha parece contar unha historia distinta, única e irrepertible. Un pode percibir nese intre e sen xénero de dúbidas o traballo do mar, o traballo do artista e -o máis importante- a simbiose profunda entre os dous. Un xa pode tamén entender o título da exposición *m-eu-mar*, que o mar é artista e que o artista é mar. A partires de aquí xa so me queda a ardua tarefa de contribuir a que cada un dos espectadores que acudan a ver esta marabillosa e sutil exposición aprenda a ver ó mar dun xeito completamente distinto, que o escoite nos tempos curtos e, si lle é doado, tamén chegue a falar con él.

Gonzalo Sellés Lenard

O-artista-e-o-mar

M-eu-mar é unha comunión entre o mar e o artista, entre o artista e o mar, a través do tempo e do coñecemento mutuo. O mar exprésase a miúdo de distintos xeitos. Durme, brinca, chora, rie, ama, berra, alporízase,ou reláxase pracidamente ó atardecer. Nos tempos longos, si é que existen, dálle tempo a iso e a moito mais, dálle tempo, tamén, a facer fermosos traballos de deseño sobre vellas cunchas as que se lle escapou a vida, transformándoas e dándolles unha vida nova. Pero é nos tempos curtos, nos tempos das mareas, cando ó mar lle gusta conversar, cando manifesta a súa capacidade artística a quen sabe entendela, cando debuxa, pinta ou esculpe sobre a area ou sobre a rocha. Liñas, labirintos, nubes, árbores, inmensas fragas son o mesmo tempo xogos e anceios do mar. O único que pode facer o artista ante tanta marabilla e só extasiarse e tentar

amosarillo ó mundo. O mar cóntalle cousas ó artista i este cóntalle cousas ó mar. O vello caparazón dunha cuncha sírvelles a ambos para acadar un diálogo agarimoso no que se entrelazan os sentires do mar e do home, no que ámbolos dous disfrutan, no que o mar é artista e o artista é mar. M-eu-mar é, en síntese, unha obra teatral en tres actos na que se amosa o camiño percorrido polos dous para acadar esta comunión artística. No acto primeiro o mar conversa co artista nos tempos curtos, decora o escenario con fermosos debuxos e baixorrelevos i entrégalle ó artista unha vella cuncha traballada a través do tempo. No acto segundo o artista dialoga co mar a través da cuncha dándolle vida a unha fábula, a un conto, a un poema. No acto terceiro a fábula, o conto, o poema volven ó mar i este sorrí de ledicia co agasallo. Péchase o pano...

Xan Vieito

O falar do mar

I

Achádego

*Ó caír entre as ágoas do mar calmo
as bágoas limpas, mornas e brillantes,
eran por roibas fadas recollidas
en nacarado cáliz.*

(‘Bágoas de Nai’. Ramón Cabanillas)

Fala o mar. Onda tras onda, nunha cadencia ancestral convertida nun axouxere para o visitante. Para ese home que fai do mar unha conversa de ti a min. Dun ser a outro ser, dunha maneira de velo mundo ao propio mundo, do infinito ao finito. O home pon o oído e escoita, pon a súa vista e mira, pousa a súa man e toca, fai do seu nariz compás e ule, e todo iso ten un sabor, o da paixón, o da reflexión e a creación. Sabores que todos xuntos recompoñen a

faciana dun mar que sigue ao seu, onda tras onda, case sen percatarse da nosa presenza. Ou quizás sí? Tantas veces estamos sen estar que cando un é consciente de onde está o mar é quen de facerlle caso, de respostarlle ás súas dúbidas e de convidalo a súa casa ofrecéndolle toda sorte de agasallos. O difícil, como tantas veces na vida, é acadar esa confianza, facer dese fío invisible un cordón umbilical que te permita recoñecer os latexos da natureza, nai que des prezamos demasiadas veces, indo, ao fin e ao cabo, en contra nosa.

Xan Vieito vive pendurado dese fío, dese falar co mar que nun momento dado convértese en diálogo, en conversa entre o mar e o home, sen intermediarios, ollándose en fite. Todo é sinceridade e respecto, unha conversa entre amigos. Porque “o mar é meu amigo”, dí o autor, que quere converter este traballo nunha homenaxe para agradecerlle todo o que ese mar fai por el, e tamén por nós, aínda que

case sempre o desprezemos e non o consideremos como se merece, como unha parte da nosa vida, alguén que sempre está dando sen esperar nada a cambio. Pero o mar tamén é consciente diso, e ao mar non lle gustas, sabe de ti e do que fas, por iso non fai nada para reclamar a túa atención. Gusta de sentirse só, traballando para sí, escribindo as súas historias, compoñendo os seus mapas, facendo os seus itinerarios, agochando as súas teimas. Onda a onda. Algunhas desas lendas escríbense na area, pegadas casuais, ou non tanto, que son quen de ser elas mesmas converténdose en obras de arte. Liñas que se entrecruzan, camiños, xeografías, abstraccións, territorios que asoman ao plasmar toda unha xeografía xurdida da alma, de salgaduras e escumas que debuxan co seu azaroso pincel os segredos do mar. Cantas veces menosprezamos eses feitos?, cantas veces a nosa torpeza non deixa que nos fixemos e nos deteñamos ante eses trazos? Pura beleza.

Pero o mar tamén escribe as súas lendas noutras superficies, segredos agochados nas cunchas que fan da súa nácara un abraiante fluir de ideas, percepcións e sensacións. Alí está todo, só hai que deterse e velo, ser quen de, dende o respecto, falar co mar, escoitalo, saber o que quere. E Xan Vieito o fai, cada día busca ao mar para que o mar o atope a el, para que lle entregue todos eses tesouros que lle permitan afianzar o diálogo entre ambos unha vez no estudio, na intimidade. É o achádego, o momento no que o mar lle deixa compartir a quen o merece o que ten no seu interior, quen moldea en latexos

interminables, en séculos e séculos de traballo silente, e Xan Vieito o merece, pola súa complicidade, pola sensibilidade ao ver onde ninguén adoita ver, e dese milagre tamén nos quere facer parte a todos nós para que recoñezamos outro universo de creación, unha engaiolante poética que fai dese mar o 'M-eu-mar', unha amizade levada á sala de exposicións pero sobre todo levada a todas esas pezas convertidas en iconos, e ofrendas á natureza e a facer do que non existe, daquilo que non coñecemos, algo real. Un rescate que non vai a deixar de medrar cando na peza se percibe o que hai nela, un relato, unha volta a orixe, a ancestral conversa entre o home e a natureza, porque a natureza precisa destes rescates, destas achegas que fan visible o invisible, e aquí o artista vai traballar como se fose unha superficie habitual do que facer artístico, só cunha salvedade, que o itinerario xa está escrito. As coordenadas xa están plantexadas, só hai que sacalas á luz, corporeizar o que antes fixo o mar, e de ahí non se pode mover Xan Vieito, que non é pouco, xa qué é un privilexio pasalo trazo por onde antes debuxou o meirande artista da historia.

Na súa atalía da ría de Vigo escoita a sinfonía do mar, ese ruído co que cada día convive Xan Vieito para, como no poema de Ramón Cabanillas, esperar a que o mar calmo, que é cando en realidade fala o mar, deixe caer as súas bágoas, as súas fadas cheas dun maxín que dende agora convivirá co do artista, nun proceso que renovará a afouteza de ambos e os convertirá case que en amantes cara o infinito.

II

Xuntos

*... y juntos
somos completos como un solo río,
como una sola arena.*

(‘El alfarero’. Pablo Neruda)

Descubre Xan Vieito as súas conquistas. Coloca no seu taller eses restos do naufraxio para, xuntos, medrar na procura dunha nova canle de expresión. Alí están tamén as súas pinturas, pacientes, esperando o seu turno. Elas asisten perplexas a esa ringleira de cunchas, a eses fragmentos da natureza que, coma pequenos lenzos, serán superficies para o traballo, para desentrañar un misterio dentro doutro misterio. O misterio da creación na cerna do xa creado. Mira Xan Vieito, acariña o interior desas cunchas, palpa unha superficie na que de alí a un pouco comezan a xurdir sombras primeiro e liñas despois. Son necesarios uns segundos ou uns minutos para comprobar o que o mar debuxou alí durante séculos e séculos. E entón cando a arte comeza a facelo milagre, a revelar formas, a contar un relato que permanecía esquecido. Os dous mundos traballando xuntos, nunha simbiose na que o mar pon o misterio, a textura e ata a cor, mentres que o artista só se

limita a marcar un trazo. Un xesto moi limitado e controlado polo propio mar, sempre presente, aínda que estemos fóra do seu dominio. El segue a marcar o seu lugar e as posibilidades que deixan marcadas a súas insinuacións. Faino tamén cos seus cores, tonalidades que se pousan nesas cunchas e coas que o artista humano tamén xoga intelixentemente, xa que sabe que nunca as podería acadar.

E que me din das texturas? Non foi en balde o feito polo mar ao longo da historia, de tanto ir e vir para converter unha parte súa, por pequena que sexa nunha obra de arte de seu. Case que pequenas esculturas, relevos, formas tridimensionais, labradas pola auga salgada, pola area, polo vento, polas correntes e os efectos da auga e nas que o artista pode traballar o oco e o baleiro, as sombras e as luces formando un conxunto cheo de maxia, unha especie de invocación á natureza e ao seu carácter como berce do ser humano. Nela empezou todo e nela aínda pertence o que realmente é importante.

Seres fantásticos, mitoloxías, narracións, homes... todo un imaxinario é o que emerxe dende ese traballo simbiótico que ten lugar no estudio de Xan Vieito. Os lenzos frotan os ollos, teñen competencia naqueles pequenos obxectos que pensaban non ían a pasar de ser uns obxectos decorativos. Outro exemplo máis de creerse superiores, como nós mesmos cando

paseamos pola praia e ante unha desas cunchas só amosamos indiferencia ou todo o máis a collemos para lanzala lonxe no mar. Abofé que tras esta exposición pensarémolo dúas veces e quizáis, a próxima vez cando atopemos unha delas a colleremos na man, a tocaremos e durante uns segundos miraremos no seu interior para tentar descubrir o que nos ten que dicir.

Xan Vieito emprega para o seu debuxo un lápiz acuarelable, unha substancia acuosa que conxuga moito mellor con aquilo que ven do mar ao non ser un elemento agresivo que choque fronte a mirada do espectador. Ese debuxo é simplemente a recuperación da memoria do mar, o fixar na nosa retina aquilo que xa debuxara, que imaxinara co seu vaivén interminable de ondas, coas súas escumas bulideiras ou cunha brisa que xunto coa area esculpe e debuxa, en definitiva, crea nun primeiro momento para si mesmo pero logo extrapólase a todos nós. É o tempo longo a conxunción de home e natureza, o “ser completo” que cantara Pablo Neruda asomado a outro mar e artellando tamén, coas cunchas que chegaban aos pés da súa poesía, unha sorte de santuario dende o que achegarse a escoitar, en cada unha

desas nácaras, o crepitar do home fronte ao mundo, coma quen mira a un océano infinito, inagotable. Dese mesmo xeito busca Xan Vieito escoitar ao mar, facer desa dimensión atemporal a canle dende a que interesarse polo propio home, primeiro co goce do feito... Hai que ver a cara que pon Xan Vieito cando leva un tempo mirando estas pezas! Qué sensación de benestar sae da súa faciana! Todo por falar co mar, por escoitalo e saber o que lle quería dicir. Unha complicidade que so outorga satisfaccións, praceres que xurden dalgo tan pequeno, tan fráxil, que é quen, unha vez que medra na súa potencialidade artística, de converterse nunha afoutada obra de arte que, como pezas prehistóricas, explican miles de anos de evolución e elos entre o home e a natureza.

A peza de arte xa está feita, rematada, agora tócalle presentarse ante nós, ser a mostra do que home e mar poden chegar a facer xuntos. Unha harmonía creativa que distingue a Xan Vieito de calquer outro creador, de calquera outra mirada ao noso arredor, tantas veces tan afastado de nós, e que en ocasións, como a que nos ocupa, convértese en soporte para a imaxinación e canle para a creación humana.

III

Regreso

“Quizá desconozca que estuve a punto de convertirme en marino, y solo los azares de la existencia me hicieron desistir”.

(C. Debussy)

Escribo estas liñas entre o mar e a terra coa música de fondo dun poema sinfónico de Claude Debussy chamado ‘O mar’. Evocacións, atmósferas, recuperacións, sensacións mergulladas na alma que emerxen como unha táboa salvavidas á que aferrarse. Un breviarío no que, no caso de Xan Vieito, emprega como descanso da pintura propiamente dita. Eses sons, resumidos en tres movementos, son tres inspiracións nas que envorcar o mundo deste artista. Tres espazos de tempo que nos levan ao achádego da peza, o traballo con ela e a súa devolución ao mar. Un regreso que, como o heroe da Odisea está obrigado a facer para entenderse a sí mesmo, para coñecer a súa materia e aquilo que o converte en único. Así é que esas pezas regresan á súa nai natureza para posar con elas, para enguedellar o tempo longo do traballo no taller co tempo curto co que traballa a marea sobre a area. Unha conxura temporal que nos aboca a entender o vencello do obxecto co seu

entorno, a mímese dunha linguaxe común artellada por un tempo que xoga aquí un papel crucial.

Tempo e tempos que conflúen nesas fotografías abraiantes dende as que construír a xeografía dun itinerario ideado dentro e fóra, entre o infinito e o finito, para agora ser imaxe, testemuña do dobre percorrido. A nácara repousa xa sobre a área, ou a carón duns escollos. Areas e pedras húmidas polo devir das ondas. Furadiños na area, brillos nas rochas, materiais que xurden nunha paisaxe latente, que respira vida, no rexistro notarial dun momento que fai que o tempo se deteña, pero tamén que se encha de suxerencias artísticas. Texturas, trazos, materias, cores, abstraccións feitas como unha xeografía impredecible da natureza pero que coa nosa complicidade medran ata ser unha pegada chea dunha forte carga estética. A presenza de cada unha desas cunchas despois do diálogo co artista converte esas miradas en reinencións da natureza, nas que a cerna do relato volve á paisaxe na que medrou, e a esas figuras, ou a esas narracións que comezan a emitir o seu canto de serea para levarnos ante elas, agasallar así aos nosos oídos e a nosa vista, e tamén, como fixera o artista antes, escoitar o que alí se contén.

É o diálogo entre o vento e o mar como lle chamou o músico francés a un deses tres movementos de ‘O mar’, un diálogo no que tamén ten cabida o

esperpento, a mutación de caras que semellan iguais e que nunha seriación vólvense grotescas, case cabalísticas. Facianas que mudan, que xesticulan converténdose en máscaras, rostros teatrais axitados polo que non deixa de ser unha escenografía na que se moven todos eses seres entre o real e o irreal, entre o tanxible e o soño. Moitos deses personaxes xurden cando Xan Vieito se da a volta, cando deixa a peza un tempo tras intervir nela para volver a vela e darlle a aprobación necesaria, pese nesas soedades todo semella mudar, e aínda que só o faga un chisco a peza convulsiónase, acelerando o seu proceso orgánico natural e os xestos altéranse para, cando se ven en serie, converterse nunha secuencia do esperpento.

Azares unha vez máis. Azares sumidos no tempo e no seu inexorable paso e que agora volven a xogar ao seu, a mudar vidas, a facer dun pintor de caballete

un mariñeiro en terra que recupera o seu desexo de sucar o mar cuncha tras cuncha nun desfile de mitoloxías e de historias que son cerna de todos nós, evocación do noso pasado convertido en experiencia artística, en ensoñación dun mundo como é o mariño tinxido de lendas que o mar nos escribe para cotexar cos nosos propios relatos. O pincel de Xan Vieito adícase a rescatar esa escritura salgada e poñela ao acubillo da arte para deixar, como fixera o home primitivo nas paredes das cavernas, todo un relato do noso mundo sintetizado naquelo que semella ser máis feble e efímero. Falamos dun xesto, un trazo, pero que século tras século revélase como a expresión máis sincera do que en realidade somos: uns xoguetes nas mans da natureza que, coa súa forza e eternidade, convértenos en anécdotas da súa alma. Espectadores fronte ao abismo nunha procura romántica do inevitable, da nosa fugacidade fronte a aquilo que é imperecedoiro, aquilo do que nos fala o mar.

Ramón Rozas

Matina que te matina

Entre o azar e a necesidade, azar ventureiro e necesidade de caer de caixón, caos e cosmos, anda o Xan Vieito perdedizo a pensar a creación, no mesmo instante de ser creada, nova do trinque, e traela do fondo -mar placentario- tal o bucio mostra **señas** do que atopou nos limos nutricios, se cadra sen querer atopar nada, nada máis que o empeño, o voo insonme do creador no intre de crear: Teseo no labirinto.

Ollos glaucos de Atenea Curuxa (*glaukós*) tutelar do saber antigo, de noites de lobo, impenetrables, a non ser para os ollos claros da deusa (Atenea Palas ou Atenea Pártenos) capaces de ver na escuridade neta como no resplandor de hora meridiana.

Ollos gazos, leonados, verdes como auga de mar.
Antigo e misterioso Gaíferos de Mormaltán.

No umbral da creación -*Ut pictura poesis*- reside vagamente o abismo atoutiñante, augas lustrais que sustentan palabras e cores, informes aínda, para que o autor (:“o que fai medrar”) albisque, no fondo de tódolos fondos, un recender de vida increada, que ó facelo medrar, ese asubío de sombra, deixe de ser informe e inefable e insome.

Abismos (non precipicios) nas augas sumarias da orela -tempos curtos, tempos longos- no milagre da vida -ir, vir, pasar- que fecunda -ubre- e exuberana.

Nese mar (incógnito, proceloso, inicial) larga Xan Vieito as **señas** da súa creación, como fragmentos (magmas), presocráticos.


Matinando.

Luis Cochón

-obra-



Cadro do mar 1. 2015 - Fotografía (Serie árbores) - 120 x 80 cm



Cadro do mar 2. 2015 - Fotografía (Serie árbores) - 80 x 120 cm



Cadro do mar 3. 2015 - Fotografía (Serie árbores) - 120 x 80 cm



Cadro do mar 4. 2015 - Fotografía (Serie liñas) - 80 x 120 cm



Cadro do mar 5. 2015 - Fotografía (Serie liñas) - 80 x 120 cm



Cadro do mar 6. 2015 - Fotografía (Serie labirintos) - 80 x 120 cm



Cadro do mar 7. 2015 - Fotografía (Serie labirintos) - 80 x 120 cm



Cadro do mar 8. 2015 - Fotografía (Serie árbores) - 80 x 120 cm



Cadro do mar 9. 2015 - Fotografía (Serie liñas) - 80 x 120 cm



Gua-salón 1. 2015 - Fotografía - 80 x 80 cm



Gua-salón 2. 2015 - Fotografía - 80 x 80 cm



Gua-salón 3. 2015 - Fotografía - 80 x 120 cm



Pensa-no-mar 1. 2015 - Fotografia - 80 x 80 cm

Pensa-no-mar 2. 2015 - Fotografia - 80 x 80 cm



Pensa-no-mar 3. 2015 - Fotografía - 80 x 120 cm



Falando-co-mar 5. 2015 - Fotografía - 50 x 50 cm

m-eu-mar

riscando liñas na area
labirintos imposibles
camiñas co paseante
xogas con el a ser libre
engaiolas ao poeta
sometes ó mariñeiro
pintas estrelas douradas
nas longas noites de aceiro
es un rei encadeado
na túa peceira ilustre
con abismos insondables
con ondas de amor nos ubres
todos te escoitan meu mar
mais ninguén fala contigo
eu non souben que era mar
ata conversar...

sentindo
os tempos curtos das augas
os tempos longos durmidos
contigo... eu mar...

contigo

Xan Vieito



Pai-aso. 2012 - Técnica mixta - 10 x 9,5 x 2,5 cm



Dama e Lírio. 2014 - Técnica mixta - 9 x 9 x 3 cm



A-lúa. 2014 - Técnica Mixta - 7 x 5,5 x 1,5 cm

Dama-de-noite. 2014 - Técnica Mixta - 8 x 6 x 2,5 cm

Barca-de-Non-é. 2014 - Técnica Mixta - 10 x 8,5 x 3 cm

E-lección. 2014 - Técnica Mixta - 9 x 7 x 1,5 cm



Gray-Woman. 2014 - Técnica Mixta - 10,5 x 10,5 x 2 cm



H-o-mero. 2014 - Técnica Mixta - 8 x 8 x 2,5 cm



O-maxin. 2014 - Técnica Mixta - 5,5 x 6 x 1 cm

Vai-no-vento. 2014 - Técnica Mixta - 13,5 x 11,5 x 3 cm



Chaca-rita. 2014 - Técnica Mixta - 12 x 12 x 4,5 cm



Contra-punto. 2014 - Técnica Mixta - 9 x 8,5 x 1,5 cm

Nu. 2014 - Técnica Mixta - 9,5 x 8 x 2 cm

Con-versa. 2014 - Técnica Mixta - 9,5 x 7 x 3,5 cm

Can-peixe. 2014 - Técnica Mixta - 6 x 7 x 2 cm



Traxe-dia. 2014 - Técnica Mixta - 13,5 x 11 x 3 cm




Seme-llanzas. 2014 - Técnica Mixta - 9,5 x 11 x 3 cm



Re-trato. 2015 - Técnica Mixta - 10 x 9 x 3 cm



Va-cía. 2014 - Técnica Mixta - 10 x 7,5 x 3 cm



Pen-duro. 2014 - Técnica Mixta - 10 x 9 x 2 cm

Paper-news. 2014 - Técnica Mixta - 7 x 8,5 x 3 cm



Re-muñó. 2014 - Técnica Mixta - 9,5 x 8 x 3 cm

Mi-rón. 2014 - Técnica Mixta - 12 x 9 x 1,5 cm

En-terra-mento. 2015 - Técnica Mixta - 10,5 x 7,5 x 2 cm

O'-Yeti. 2014 - Técnica Mixta - 9 x 8 x 2 cm



Soño. 2014 - Técnica Mixta - 9 x 8,5 x 2,5 cm

Mar-i-ñeiro. 2014 - Técnica Mixta - 12 x 20,5 x 4 cm



Anaco-de-veno. 2014 - Técnica Mixta - 11 x 9 x 2,5 cm



Re-vira-volta. 2015 - Técnica Mixta - 24 x 13 x 9,5 cm





Xeo-metrías. 2014 - Técnica Mixta - 11 x 25 x 12 cm



Re-su-rección. 2014 - Técnica Mixta - 16,5 x 7 x 5 cm



Paxaro-saltarín. 2014 - Técnica mixta - 11,5 x 11 x 4 cm

Amo-ríos. 2013 - Técnica mixta - 10,5 x 8,5 x 1,5 cm



San-Blas. 2013 - Técnica mixta - 9 x 7 x 2 cm

Xira-fa. 2014 - Técnica mixta - 9,5 x 10,5 x 2,5 cm



Re-pri-menda. 2014 - Técnica mixta - 15 x 9 x 6 cm

Pensa-dor. 2014 - Técnica mixta - 19 x 9 x 3 cm



Es-pello. 2014 - Técnica mixta - 10,5 x 9 x 3 cm



Ven-e-suela. 2012 - Técnica Mixta - 15 x 11 x 4 cm



Pita-cega. 2015 - Técnica mixta - 10 x 9,5 x 2,5 cm



Volta ó mar 1. 2014 - Fotografía - 80 x 120 cm



Volta ó mar 2. 2014 - Fotografía - 80 x 120 cm



Volta ó mar 3. 2015 - Fotografia - 80 x 120 cm



Volta ó mar 4. 2014 - Fotografía - 120 x 80 cm



Volta ó mar 5. 2015 - Fotografia - 80 x 120 cm



Volta ó mar 6. 2013 - Fotografia - 80 x 120 cm



Volta ó mar 7. 2015 - Fotografia - 80 x 120 cm



Volta ó mar 8. 2014 - Fotografia - 80 x 120 cm



Volta ó mar 9. 2014 - Fotografia - 80 x 120 cm
Volta ó mar 10. 2014 - Fotografia - 120 x 80 cm





Con G. Sellés e Iñiqui Gil



No seu mar



Artista no estudio



Pulsando con J. Solla



No estudio con M. Landeiro e J. Castillo



Detalle estudio



Árbore-sen-futuro. Instalación no seu mar

Xan Vieito

Nace en Vilachán de Abaixo (Negreira-Coruña). O longo da súa vida participou en actividades culturais de diversa índole (Teatro, Fotografía, Música, etc.). Sucesivamente residiu en Vilachán de Abaixo (Negreira), Santiago de Compostela, Valencia, Gijón e Vigo. Aínda que se considera autodidacta realizou estudos de pintura e gravado en varias escolas públicas e privadas nas cidades nas que viviu e onde realizou as súas primeiras exposicións.

Dende a súa xuventude viaxou por diversos países aínda que foi cautivado esencialmente por dúas

cidades -París e New Orleans-, nas que pasou longos períodos de tempo e que influirían de xeito decisivo na súa obra.

Está representado en varias institucións públicas de España, Portugal, Cuba, Arxentina, Perú e EEUU, i en coleccións privadas de España, Portugal, Arxentina, Francia, Inglaterra e EEUU.

Dende o ano 1987 reside na “República Independente do Lourido”.

Bibliografía

A carón. Deputación de Pontevedra. Pontevedra, España. Ano 2002

F. X. González. Nadir. Camiños de Compostela. Xunta de Galicia. Consellería de Cultura. Páx. 133. Ano 2004

F. Arroyo y J. L. Fontenla. Creadores III. España. Asociación Cultural Aires de Córdoba. Córdoba, España. Páx. 198-199. Ano 2005

Josep Oliveras. Artistas para el Museo del Mañana. Ediciones Ecuador. Girona, España. Páx. 588-589. Ano 2006

H. R. Silva e X. Villaverde. I Salão de Artes Plasticas S. João da Madeira. Helio & Vitor, Lda. S. João da Madeira, Portugal. Páx. 126-127. Ano 2007

F. Arroyo. Diccionario internacional de Arte y Literatura. Asociación Cultural Aires de Córdoba. Córdoba, España. Páx. 60. Ano 2007

Na memoria, en: M. A. Fernández. Os amigos de Chano Piñeiro. Xunta de Galicia. Presidencia. Santiago de Compostela, España. Páx. 136-139. Ano 2007

Stefano Berruti. KunStart 07. Vanillaedizioni. Bolzano, Italia. Páx. 84. Ano 2007

Enciclopedia Galega Universal. Editorial Ir indo. Vigo, España. <http://www.egu.es>

A. Mota. II Salão de Artes Plasticas S. João da Madeira. Grafica monumento, Lda. S. João da Madeira, Portugal. Páx. 62-63. Ano 2009

Silandeiras. Deputación de Ourense. Ourense, España. Ano 2009

Fundación Vigueses Distinguidos. Vigo é Cor. Conmemoración do bicentenario da Cidade. Lúa Gráfica. Vigo, España. Páx. 84-85. Ano 2010

Ilustracións en: I. Millán, L. e Iris Cochón. Don Gaíferos de Mormaltán X Duque de Aquitania. Editorial Follas Novas. Santiago de Compostela, España. Ano 2010

Josep Oliveras. Grandes Artistas de hoy. Ediciones Ecuador. Girona, España. Páx. 318-319. Ano 2010

Universos de papel. Concello de Vilagarcía de Arousa. Concellería de Cultura

-textos castellano-
-english texts-

M-EU-MAR de Xan Vieito

El mar, la ría de Vigo, es la cuna de esta ciudad, de los vigueses y vaguesas, la fuente de nuestra vida, nuestra razón de ser, origen y futuro, que nos dejó y nos deja su huella de infinitas formas en infinitos lugares. Ostenta la gran cualidad de ser a la vez el mar de todos y el de cada uno, agasajándonos con su homogénea diversidad, se renueva continuamente para no cambiar, se ofrece de tantas maneras como ojos lo contemplan.

Ante las aguas del mar de Vigo todos nos sentimos artistas, pero pocos como Xan Vieito para expresarlo. Estamos ante la percepción, interpretación y manifestación artística del mar de Vieito, de sus conversaciones con las mareas, de los diálogos entablados a lo largo de toda una vida a este lado y al otro del océano; esta exposición es una oportunidad única de asomarse al balcón de la ría con una mirada singular.

Y al igual que el agua adopta numerosas formas, el artista se sirve para esta muestra de varias técnicas, formatos y soportes en los que plasmar un único y personal concepto. El público que se acerque a la planta baja de la Casa das Artes observará vinilos con imágenes fotografiadas, pintura sobre conchas e incluso instalaciones de vídeo, una propuesta multidisciplinar con el hilo conductor del mar de todos.

Xan Vieito plantea en este trabajo un homenaje al mar. ¿Dónde mejor que en la ciudad de Vigo para llevarlo adelante? Para el Ayuntamiento de Vigo que encabezo es un enorme placer poder colaborar y ser partícipes de una muestra que aúna dos pilares básicos en esta ciudad: mar y cultura. Hablamos de dos vectores imprescindibles para el exitoso porvenir de esta gran urbe global, dos ejes que encajan a la perfección en esta exposición que nos enorgullece ofrecer a la ciudadanía.

Abel Caballero
Alcalde de Vigo

Xan Vieito's m-I-sea

The sea, the Ria of Vigo, is the cradle of this city, of the inhabitants of Vigo, the source of our life, our purpose, our origin and future, which has left to us, and still does, its print of infinite shapes in infinite places. It shows the great quality of being simultaneously the sea of both all and each one, lavishing us with its homogeneous diversity, it is constantly renewed in order to not to change, it offers itself in so many ways as eyes are contemplating it.

Facing the waters of the sea of Vigo we all feel artists, but few ones as Xan Vieito to express it. We are in the presence of the perception, interpretation and artistic manifestation of Vieito's sea, of his conversations with the tides, of the dialogs hold along his whole life at both sides of the ocean; this exhibition is a unique opportunity to lean over the balcony of the ria with a singular look.

And the same way the water takes many forms, for this exhibition the artist makes use of several techniques, formats and supports with which to express a single, personal concept. Visitors stepping into the ground floor of the Casa das Artes will found out some vinyls with photographed images, some paintings on shells and even some video installations; a multidisciplinary offer with the conductive thread of the sea of all of us.

In this work, Xan Vieito plays tribute to the sea; and where would it better than in the city of Vigo to take it forward? For the Council of Vigo that I am heading, it is a great pleasure to be able to collaborate and to participate in such an exhibition joining two basic pillars in this city: sea and culture. We are talking about two indispensable vectors for the successful future of this great global city, two axis fitting together perfectly in this exhibition we are proud to offer to citizens.

Abel Caballero
Mayor of Vigo

Hablando con m-eu-mar

El comisariado de una nueva exposición suele ser casi siempre un reto difícil al que enfrentarse. Requiere, por un lado, un conocimiento profundo de la obra y del mensaje que el artista quiere transmitir, y por otro, la construcción de un escenario que la realce, transmitiendo al espectador las líneas maestras que contribuyeron a forjarla y la intencionalidad que el artista persigue con esta puesta en escena.

Pocas exposiciones me han exigido tal nivel de concentración como *m-eu-mar* de Xan Vieito.

El primer contacto con la obra me pareció relativamente sencillo, casi infantil, pues a primera vista parecía tratarse tan solo de conchas pintadas. No obstante el título, *m-eu-mar*, ya me llamó la atención y fue como una premonición de lo que vendría después. “*¡No puedes organizar esta exposición si no entras en ella!*” fue lo primero que me dijo. A partir de ese momento, visitas la playa a horas intempestivas, siempre al ritmo de la marea, de las luces del día y de los vientos. Poco a poco, de la mano del artista, se te van metiendo en la sangre cada uno de los elementos que dieron lugar a la obra. “*¿Conociste a alguien que fuese capaz de dibujar árboles tan hermosos en la arena? ¿Viste qué juegos de laberintos tan bien estructurados? ¡Mira esta vieja concha y escucha lo que te dice, observa el trabajo que hizo el mar con ella!*” -me dice Xan Vieito casi obsesivamente mientras caminamos a orillas de su mar- *¡Aprende a escuchar al mar en los tiempos cortos e intenta hablar con él, solo así podrás entender la obra!*”.

De vuelta al estudio ya nada es igual, la obra ha cambiado. De pronto, las viejas conchas -como las de la playa- pero trabajadas por la mano del artista, cobran vida. Cada una parece contar una historia distinta, única e irrepetible. Uno puede percibir en ese instante y sin género de dudas el trabajo del mar, el trabajo del artista y -lo más importante- la profunda simbiosis entre ambos. Uno puede ya entender también el título de la exposición *m-eu-mar*, que el mar es artista y que el artista es mar. A partir de aquí solo me

Talking with m-I-sea

Usually, commissioning of a new exhibition is a difficult challenge to face. It requires, first, a deep understanding of both the work and the message the artist wants to express, and secondly, to build a scenario that enhances it, providing the viewer with the guidelines that helped to forge it, and the intentionality aimed by the artist with this staging.

Few exhibitions have required me such a concentration level as Xan Vieito's *m-i-sea* did.

I found the first contact with the work to be relatively simple, almost childish, because at first sight they were painted shells. However, the title, *m-i-sea*, caught already my attention and it was like a premonition of what would come later. “*You cannot organize this exhibition if you do not get into it*” was the first thing he told me.

From that very moment, lots of visits to the beach at unseemly hours, always at the rhythm of the tide, lights of day and winds. Little by little, with the help of the artist, you are feeling how each and every of the elements that led to the work are getting into your blood. “*Have you ever met anyone daring to draw such beautiful trees on the sand? Have you seen such well structured sets of labyrinths? Look at this old shell and listen to what it says to you, look at the work the sea made with it*” -says Xan Vieito to me, almost obsessively while we are walking along his sea- *Learn to listen to the sea in the short times and talk to it; it is the only way for you to understand the work*”.

Back to the studio nothing is the same, the work has changed. Suddenly, the old shells -like those of the beach- but worked by the artist's hand, come to life. Each one seems to have a different, unique and unrepeatable history. One can perceive at this moment and without a doubt the work of the sea, the artist's work and -the most important thing- the deep symbiosis between both of them. One can already understand also the title of the exhibition *m-i-sea*, as the sea is an artist and the artist is

queda ya la ardua tarea de contribuir a que cada uno de los espectadores que acudan a ver esta maravillosa y sutil exposición aprenda a ver el mar de un modo totalmente distinto, que lo escuche en los tiempos cortos y, si le es posible, llegue también a hablar con él.

Gonzalo Sellés Lenard

El-artista-y-el-mar

M-eu-mar -mi mar, yo mar- es una comunión entre el mar y el artista, entre el artista y el mar, a través del tiempo y del conocimiento mutuo. El mar se expresa a menudo de formas distintas. Duerme, salta, llora, ríe, grita, se agita.....o se relaja plácidamente al atardecer. En los tiempos largos, si es que existen, le da tiempo a eso y a mucho más, le da tiempo a realizar hermosos trabajos de diseño sobre viejas conchas a las que se le escapó la vida, transformándolas y dándoles una vida nueva. Pero es en los tiempos cortos, en los tiempos de la marea, cuando al mar le gusta conversar, cuando manifiesta su capacidad artística a quien sabe entenderla, cuando dibuja, pinta o esculpe sobre la arena o sobre la roca. Líneas, laberintos, nubes, árboles, bosques inmensos son al mismo tiempo juegos y anhelos del mar. Lo único que puede hacer el artista ante tanta maravilla es extasiarse e intentar mostrarlo al mundo. El mar le cuenta cosas al artista y este le cuenta cosas al mar. El viejo caparazón de una concha le sirve a ambos para conseguir un diálogo divertido en el que se entrelazan los sentimientos del mar y del hombre, en el que ambos disfrutan, en el que el mar es artista y el artista es mar. M-eu-mar es, en síntesis, una obra teatral en tres actos en la que se muestra el camino recorrido por los dos hasta lograr esta comunión artística. En el acto primero el mar conversa con el artista en los tiempos cortos, decora el escenario con hermosos dibujos y bajorrelieves, y le entrega al artista una vieja concha trabajada a través del tiempo. En el acto segundo el artista dialoga con el mar a través de la concha, dándole vida a una fábula, a un cuento, a un poema. En el acto tercero la fábula, el cuento, el poema vuelven al mar y este sonríe de alegría con el regalo. Se cierra el telón...

Xan Vieito

a sea. From this point it only remains for me the arduous task of contributing to that each of the spectators coming to see this wonderful and subtle exhibition learns to look at the sea in a totally different way, learns to listen and, if possible, also learns to talk to him.

Gonzalo Sellés Lenard

The-artist-and-the-sea

M-i-sea is a sort of communication between the sea and the artist, between the artist and the sea, through time and mutual knowledge. The sea usually expresses itself in different ways. It sleeps, jumps, cries, laughs, screams, gets worked up... or it calmly relaxes at dusk. In long times, if they happen to exist, it has time enough for that and much more, it has time to make beautiful design works on old shells whose life escaped, transforming them and providing them with a new life. But it is in short times, during the tides, when the sea likes to chat, when it shows its artistic skills to those who can understand them, when it draws, paints or sculpts the sand or the rocks. Lines, labyrinths, clouds, trees, huge forests are at the same time games and desires of the sea. The artist can do nothing before this wonder, but to be enraptured and try to show it to the world. The sea tells things to the artist and the artist tells things to the sea. The old shell is used by them to reach a funny dialogue, in which they interweave the feelings of both the sea and the man, in which they have a good time, in which the sea becomes artist and the artist becomes sea. It is, in short, a play in three acts showing the way covered by both of them until they reach an artistic communion. In the first act, the sea chats with the artist in the short times, it decorates the stage with beautiful drawings and bas-reliefs, and it gives an old shell to the artist, transformed throughout the time. In the second act, the artist dialogues with the sea through the shell, giving life to a fable, a tale, a poem. In the third act, the fable, the tale, the poem go back to the sea which smiles with the gift. The curtain goes down...

Xan Vieito

m-eu-mar

trazando líneas en la arena
laberintos imposibles
caminas con el paseante
juegas con él a ser libre
hechizas al poeta
sometes al marinero
pintas estrellas doradas
en las largas noches de acero
eres un rey encadenado
en tu pecera ilustre
con abismos insondables
con olas de amor en las ubres
todos te escuchan mar mío
pero nadie habla contigo
yo no supe que era mar
hasta conversar...

sintiendo

los tiempos cortos de las
aguas
los tiempos largos dormidos
